

CURSO

Conflictividade e convivencia na escola. Habilidades e estratexias para a solución pacífica de conflitos.

1. Descripción do Programa.

1.1. Os principios:

O marco teórico que inspira este Curso é o dos principios da **pedagogía pacífica** ou de **Educación para a Paz** (EpP) . Dentro de este marco, queremos salientar:

- *A Paz positiva.*
- *A Educación para a Paz como educacións transversal.*
- *O método socioafectivo*
- *Unha concepción positiva do conflito.*
- *O uso do diálogo nas situación conflictivas.*
- *A potenciación de contextos cooperativos nas relacións interpersoais.*
- *A práctica da participación democrática.*
- *O desenvolvemento de actitudes de apertura, comprensión e empatía.*

1.2. Os obxectivos xerais:

- Vivir a Paz positiva na escola.
- Prevenir e buscar solucións pacificadoras ós conflitos . O ámbito de aplicación contempla preferentemente os problemas de convivencia nos Centros educativos.
- Fomentar un clima socioafectivo entre as persoas que van participar neste curso.
- Ensinar as estratexias e habilidades necesarias para desempeñar a función de mediación nos conflitos.

1.3. Os contidos:

O programa consta de actividades/dinámicas , estudio de casos, definicións de conceptos, guións orientativos para as sesións, documentación de apoio, etc. Un programa a desenvolver nun curso de formación con seis módulos.

MÓDULO I: Presentación e introducción do curso

Preténdese realizar unha sensibilización e presentar de modo activo o enfoque e sentido do Programa.

Deste xeito tentaríamos de conseguir os seguintes **obxectivos**:

- Un coñecemento inicial entre tódalas persoas que imos traballar no obradoiro, nun clima lúdico e de cooperación.

- Explicitar as expectativas que teñen as persoas participantes no curso.
- Clarificar en qué vai consistir o curso e cómo vai estar distribuído temporalmente.

MÓDULO II: A Paz positiva

Traballaremos os principais elementos que sirven para entender a Paz positiva desde a perspectiva creadora do conflito. Analizaremos os conceptos de violencia directa e violencia estrutural e institucional.

MÓDULO III: A Educación para a Paz como Educación transversal. O método socioafectivo.

Compoñentes da Educación para a Paz. Recursos e dinámicas (xogos cooperativos, barómetro de valores, contos, teatro tradicional, teatro de sombras, prensa, cine)

MÓDULO IV: O conflito e os seus elementos

Valoración do conflito.

Estructura do conflito: a) Elementos referidos ás persoas. B) Elementos relativos ó proceso (dinámica do conflito). C) Elementos relativos ó problema (o "quid da cuestión).

MÓDULO V: Introducción á mediación.

Pretende adestrar nas habilidades que as persoas mediadoras terán que utilizar para mediar nos conflitos. Analizaremos os principais obstáculos para a comunicación; practicaremos a escoita activa, a paráfrase, a emisión de mensaxes en primeira persoa, etc. Ofreceremos unha guía práctica para a realización da mediación, utilizando distintos casos seleccionados.

MÓDULO VI: A mediación en marcha.

Recolle recursos, orientacións, condición previas e suxerencias para iniciar e poñer en marcha un proxecto de mediación nunha institución educativa, desde a organización da formación, ata a difusión e posta en práctica. Prestaremos atención ás dificultades concretas e posibles que poidan aparecer.

1.4 A metodoloxía:

A metodoloxía que ofrecemos baséase nos seguintes principios:

- **Principio de motivación.** Supón partir dos intereses e ideas previas das persoas que van traballar neste curso, coa intención de que se sintan motivadas para implicarse persoalmente no Programa de formación.
- **Principio de actividade.** Pretendemos que as persoas que van traballar no curso sexan protagonistas do mesmo.
- **Interacción entre iguais.** Tentamos de favorecer actividades de traballo grupal cooperativo, que permitan compartir experiencias, desenvolver e afortalar a aprendizaxe de habilidades sociais e sentir o apoio dos compañeiros e compañeiras.

1.5 Avaliación:

A avaliación debe formar parte do desenvolvemento do Programa. Realizaremos unha avaliación continua, xa desde a primeira sesión do obradoiro, a partir dunha recollida de preguntas, expectativas, suxerencias, xuízos críticos por parte das persoas participantes.

Ó remate do curso será entregada unha Bibliografía básica.

DURACIÓN E DATAS:

O Curso desenvolverase en 8 sesións de 3 horas.

1º TRIMESTRE

LUGAR: OURENSE

Nº DE PERSOAS: 35

PONENTES:

Seminario Galego de Educación para a Paz

- Manuel Dios Diz
- Calo Iglesias Díaz